

ESPECIES VULNERABLES DE GALICIA

O CORNO DE MAR E OURIZO ESCULENTUS (PETO)



[Fonte](#)



[Fonte](#)

Introdución

O presente proxecto ten como finalidade a análise de dúas especies mariñas vulnerables presentes na costa galega: *Charonia lampas* e *Echinus esculentus*. Estas especies desempeñan un papel relevante no equilibrio ecolóxico dos ecosistemas bentónicos, mais nas últimas décadas viron reducidas as súas poboacións debido á acción antrópica, á contaminación mariña e á sobreexplotación.

A *Charonia lampas*, un gasterópodo de gran tamaño, destaca pola súa importancia como predador natural de estrelas de mar, mentres que o *Echinus esculentus*, un equinodermo herbívoro, contribúe ao control das poboacións de algas e á saúde dos fondos rochosos. A súa vulnerabilidade está recoñecida por diferentes organismos internacionais, e en Galicia estas especies están suxeitas a diversos graos de protección e estudo.

Neste traballo realizaremos unha revisión bibliográfica sobre a súa distribución, ciclo biolóxico, función ecolóxica e ameazas actuais, así como unha reflexión sobre as medidas de conservación e xestión necesarias para garantir a súa supervivencia para concienciar sobre a importancia da súa conservación e o papel fundamental que desempeñan no ecosistema mariño galego.

Obxectivo do proxecto

- Coñecer unha especie protexida ou vulnerable e a súa importancia ecolóxica.
- Comprender as ameazas que enfrenta e as medidas de conservación.
- Fomentar a conciencia ambiental e o respecto pola biodiversidade.
- Secuenciar parte do seu ADN. Purificación, caracterización e secuenciación.
- Entender o proceso de secuenciación.
- Coñecer o traballo nun laboratorio de xenética, e de ciencia en xeral.

Pasos do proxecto. Metodoloxía.

1. Escoller a especie protexida

Charonia lampas (corno), *Echinus sculentus* (Peto) e *Paracentrotus lividus* (ourizo común).

2. Investigación sobre a especie

Cada alumno ou equipo pode buscar información sobre:

- Nome científico.
- Nome común en galego, castelán e inglés.
- Imaxe.
- Características morfolóxicas.
- Alimentación e comportamento.
- Hábitat e distribución xeográfica.
- Ecosistema.
- Etoloxía.
- Estado de conservación (segundo a IUCN: en perigo, vulnerable, etc.).
- Ameazas (caza, cambio climático, contaminación, etc.).
- Esforzos de conservación (reservas naturais, leis de protección, programas de recuperación).

3. Saída de campo, ao intermareal. Actividades.

- Visitar a especie no seu hábitat.
- Fotografía e debuxo do natural.
- Falar cun experto (biólogo, ambientalista) para aprender máis.
- Falar con mergulladores e mariñeiros. (Corno e Peto son de profundidade)
- Disección dun ourizo. (ver práctica adxunta. O ourizo é do mercado)



4. Creación dun informe ou presentación

Cada grupo pode presentar os seus achados mediante:

- Un cartel informativo con imaxes e datos. Infografía.
- Unha presentación en PowerPoint ou Canva.
- Un vídeo curto explicando a importancia da especie.
- Audios.

5. Actividade de concienciación

- Crear unha campaña de sensibilización no instituto.
- Expoñer informes e traballos no patio central do instituto.

Conclusión

O proxecto rematará cunha reflexión sobre o que aprenderon e como poden axudar a preservar a biodiversidade.